



O CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE RATIFICA A DECISIÓN DE IMPEDIR A CONTINUIDADE DE ENCE MÁIS ALÁ DO 2018

En resposta á nosa solicitude de entrevista para falar sobre a situación do complexo ENCE-ELNOSA, o Conselleiro de Medio Ambiente ven de comunicar que a posición da consellería da que é titular ao respecto da continuidade de ENCE en Lourizán non ten mudado. De acordo co exposto na súa carta, o Conselleiro ratifica que cando remate a concesión administrativa de ocupación en terreos de Dominio Público Marítimo Terrestre na Ría de Pontevedra, no ano 2018, ENCE terá que abandonar o seu actual emprazamento.

Na APDR esiximos a saída de ENCE na Ría con anterioridade ao 2018, pero coincidimos coa posición da Xunta de Galicia de que de ningún xeito se pode permitir a permanencia en Lourizán mais alá desa data. Neste sentido, a posición da Xunta entra en contradición coa posición de ENCE, que aproveita a situación de crise para botar un pulso á Administración e chantaxear á poboación co obxectivo de continuar en Lourizán unha vez que remate a súa concesión administrativa. Animamos á Consellería a non ceder diante desta chantaxe de ENCE e a manter esta posición mesmo no caso de que o goberno central decida modificar a Lei de Costas.

Xa por último indicar que o Conselleiro non confirma ningunha data para celebrar a entrevista coa nosa Xunta Directiva, unha cita á que non renunciamos. E non renunciamos porque na APDR entendemos que, precisamente pola existencia dunha posición común de partida, esta reunión faise mais necesaria que nunca. Ademais, non é admisible que o Sr. Hernández manteña contactos case permanentes cos directivos e/ou co Comité de empresa de ENCE, unha empresa caracterizada polo incumprimento da lexislación ambiental ao longo dos seus case 50 anos de existencia en Lourizán, e non reciba á APDR que leva 25 anos loitando pola posición que agora defende a Xunta de Galicia, a única posición quen de conseguir que a recuperación e o saneamento da Ría chegue a ser unha realidade e permita a creación de postos de traballo de calidade na nosa comarca.

Pontevedra, 20 de febreiro de 2012

Asinado: Antón Masa, presidente da APDR